



FACULTADE DE FILOLOXÍA  
FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

MÁSTER OFICIAL  
ESTUDOS MEDIEVAIS EUROPEOS.  
IMAXES, TEXTOS E CONTEXTOS

**Cultura escrita en latín na Idade Media**

Profesores

**JOSÉ MARÍA ANGUITA JAÉN (Coordinador)**

**EVA MARÍA CASTRO CARIDAD**

**MANUEL E. VÁZQUEZ BUJÁN**

**GUÍA DOCENTE E MATERIAL DIDÁCTICO  
2024/2025**



FACULTADE DE FILOLOXÍA. FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

AUTORES: José María Anguita Jaén (Coordinador), Eva María Castro Caridad, Manuel Enrique Vázquez Buján  
Edición electrónica. 2024

ADVERTENCIA LEGAL: Reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (electrónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos autores.

## 1. DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

- Nome e código:  
Cultura escrita en latín na Idade Media (código P5091104)
- Tipo de materia:  
Obrigatoria
- Número de créditos teóricos e prácticos:  
6 (18 horas expositivas + 24 interactivas)
- Cuatrimestre:  
Primeiro
- Prerrequisitos recomendados:
  - Capacidade de lectura en algunha lingua estranxeira de uso común na produción científica
  - Serán de utilidade (aínda que non imprescindibles, dada a orientación interdisciplinar da asignatura) algúns coñecementos sobre lingua e literatura latinas clásicas.
- Profesores que a imparten:

José María ANGUITA JAÉN (Filoloxía latina / Despacho 232 da Facultade de Humanidades - Lugo / correo: [josem.anguita@usc.es](mailto:josem.anguita@usc.es))

Eva María CASTRO CARIDAD (Filoloxía latina / Despacho 422 da Facultade de Filoloxía / correo: [eva.castro@usc.es](mailto:eva.castro@usc.es))

Manuel Enrique VÁZQUEZ BUJÁN (Filoloxía latina / Despacho 425 da Facultade de Filoloxía / correo: [manuele.vazquez.bujan@usc.es](mailto:manuele.vazquez.bujan@usc.es))
- Lingua(s) en que se imparte: Galego e español
- Horas e lugar de tutorías:

José María Anguita Jaén: Xoves e venres de 10 a 13 horas, no despacho 232 da Facultade de Humanidades de Lugo. Alternativamente, os alumnos poderán exercer a tutoría aproveitando o desprazamento do profesor, previa cita con el, nalgunha dependencia da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela.

Eva María Castro Caridad: luns e martes de 13 a 16 horas, no despacho 422 da Facultade de Filoloxía.

Manuel E. Vázquez Buján: Martes de 9,30 a 13; mércores de 9:30 a 12 horas, no despacho 425 da Facultade de Filoloxía.
- Páxina web recomendada: <https://www.usc.gal/filrom/teaching/master/>
- Calendario e horario detallado de clases :

A materia impartirase en horario de 16,00 a 17,45 horas os días seguintes:

Outubro de 2024: 28, 29 e 30.

Novembro de 2024: 4, 5, 6, 11, 12, 13, 18, 19, 20, 25, 26 e 27

Decembro de 2024: 2, 3, 4, 9, 10 e 11

As actividades terán lugar na aulas C07 da Facultade de Filoloxía.

## 2. SENTIDO DA MATERIA NO PROCESO FORMATIVO DO MÁSTER

O sentido da materia no cadro académico do máster baséase nos puntos seguintes:

- (a) A tradición escrita, literaria ou documental, é un dos soportes fundamentais da información sobre o período medieval e o estudo dos textos ten unha relevancia grande e unha presenza transversal nas distintas materias que integran a oferta do máster.
- (b) O latín foi durante unha grande parte da Idade Media a única lingua de expresión escrita e na etapa final convive coas diferentes linguas vernáculas. Da mesma forma, a permeabilidade entre a tradición literaria latina e a vernácula foi constante.
- (c) Tendo en conta que os alumnos que ingresan no máster proceden de campos formativos diversos dentro das humanidades (Historia, Historia da Arte, Filoloxía, Filosofía) e mesmo das ciencias sociais (Xornalismo), o coñecemento esencial da tradición escrita latina na Idade Media resulta indispensable polo seu carácter propedéutico, particularmente para os alumnos de formación distinta da filolóxica.

## 3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

Partindo do feito de que o latín foi a lingua común de Occidente entre os finais da Antigüidade tardía e os inicios da época moderna, os obxectivos básicos da materia son os seguintes:

- (a) Trazar o cadre histórico no que o latín sofre as diversas transformación ao longo da Idade Media a partires dos cambios acontecidos na a Antigüidade tardía.
- (b) Destacar os trazos lingüísticos esenciais que caracterizan o latín tardío e a súa transmisión ao latín medieval, especialmente desde a perspectiva da escola e a partir da análise de exemplos representativos.
- (c) Transmitirrlles aos alumnos os paradigmas da valoración literaria dos textos latinos medievais e contextualizalos no marco cultural no que se producen.

## 4. CONTIDOS, TEÓRICOS E PRÁCTICOS

### A) Contidos a desenvolver nas clases expositivas

- (a) Grandes movementos históricos que marcan a evolución da lingua latina desde a Antigüidade á Idade Media: as invasións bárbaras e a evolución da escola. Elementos vulgares, cristiáns, gregos e vernáculos
- (b) Declive da escola antiga e comezos da educación cristiá

- (c) Educación dos laicos e dos clérigos na época carolinxia
- (d) Escolas e educación nos inicios da baixa Idade Media
- (e) Fundamentos do estudo da literatura latina medieval: características do corpus, historia dos estudos, instrumenta
- (f) A Biblia e a súa esexese
- (g) A liturxia
- (h) Xéneros literarios en verso (ss. VI-XV)
- (i) Xéneros literarios en prosa (ss. VI-XV)
- (j) Retórica e oratoria
- (k) Periodización da Literatura Latina Medieval (1): época tardo antiga, carolinxia e monástica (ss. VI- XI<sup>in</sup>)
- (l) Periodización da Literatura Latina Medieval (2): Renacemento dos ss. XI<sup>ex</sup> e XII e Baixa Idade Media (ss. XIII-XV)

#### **B) Contidos a desenvolver nas clases interactivas**

As clases interactivas terán os seguintes textos como obxecto de preparación e comentario:

- San Agustín, *De doctrina christiana*, IV
- Cesáreo de Arles, *sermones* 1 e 86
- Lupus de Ferrières, *Epistulae*
- Epistola de litteris colendis*
- Richer de Reims, *Historiarum libri quatuor*
- Algún documento da área galaico leonesa
- Textos de exexese bíblica: Isidoro de Sevilla, *De fide*
- Selección de textos de xéneros en verso (ss. VI-XV)
- Selección de textos de xéneros en prosa (ss. VI-XV)
- Retórica e oratoria: Un sermón do códice calixtino
- Selección de textos tardoantigos e das idades carolinxia e monástica (ss. VI- XI<sup>in</sup>): Boecio, *De consolatione philosophiae*, *Ecloga Theoduli*
- Selección de textos do renacemento dos ss. XI<sup>ex</sup> y XII e da Baixa Idade Media: Alano de Lille, *Anticlaudianus*; *Carmina Burana*, *Ludus de Passione*.

### C) Lecturas e exposicións en grupos

En función do número de alumnos, estableceranse grupos de 3 estudiantes que prepararán por escrito e expoñerán algunha lectura nos campos da lingua e da literatura latinas medievais (6 horas presenciais):

1. A unha parte dos grupos de alumnos asignaráselles, baixo a tutela do profesor Vázquez Buján, unha lectura de carácter lexicográfico procedente das obras seguintes:
  - E. Löfstedt, *Late Latin*, Oslo, 1959 (trad. italiana: *Il latino tardo*, Brescia, 1980)
  - J. Varela Sieiro, *Léxico cotián na alta Idade Media de Galicia: a arquitectura civil*, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, 2008.
2. Á outra parte dos grupos asignaráselles, baixo a tutela dos profesores José María Anguita Jaén ou Eva María Castro Caridad, unha lectura dos libro seguintes:
  - E. R. Curtius, *Literatura europea y Edad Media Latina*, México-Madrid-Buenos Aires, 1976 (1<sup>a</sup> ed. alema 1948), 2 vols.
  - R. J. Hexter – D. Townsend, *The Oxford Handbook of Medieval Latin Literature*, Oxford 2012.
  - E. D'Angelo, *La letteratura latina medievale. Una storia per generi*, Roma, 2009.

## 5. BIBLIOGRAFÍA

### (a) Bibliografía básica:

- M. A. Andrés Sanz *et alii*, *La Hispania visigótica y mozárabe: Dos épocas en su literatura*, Salamanca, 2010.
- M. Banniard, *Viva voce. Communication écrite et communication orale du IVe au IXe siècle en Occident latin*, Paris, 1992.
- P. Bourgoin, *Le latin médiéval*, avec la collaboration de M.-C. Hubert, Turnhout, 2005.
- F. Brunhölzl, *Geschichte der lateinischen Literatur des Mittelalters*, 2 vols., München Munich, 1975-92 (trad. Francesa = *Histoire de la littérature latine du Moyen Âge*, 2 tomos en 3 vols., Turnhout, 1990-1996).
- E. R. Curtius, *Literatura europea y Edad Media Latina*, México-Madrid-Buenos Aires, 1976 (1<sup>a</sup> ed. alemana 1948), 2 vols.
- E. D'Angelo, *La letteratura latina medievale. Una storia per generi*, Roma, 2009.
- J. Fontaine, *La Littérature latine chrétienne*, Paris, 1970.
- A. Fontán-A. Moure Casas, *Antología del latín medieval*, Madrid, 1987.

J. de Ghellinck, *Littérature latine au Moyen Âge depuis les origines jusqu'à la fin de la renaissance carolingienne*, 2 vols., Mayenne, 1939.

R. J. Hexter – D. Townsend, *The Oxford Handbook of Medieval Latin Literature*, Oxford 2012.

C. Leonardi (dir.), *Letteratura latina medievale (secoli VI-XV). Un manuale*, Firenze, 2002.

*Lo spazio letterario del Medioevo, I. Il Medioevo latino*, 4 vols., Salerno, 1992-97.

E. Löfstedt, *Late Latin*, Oslo, 1959 (trad. italiana: Il latino tardo, Brescia, 1980).

M. Manitius, *Geschichte der lateinischen Literatur des Mittelalters*, München, 1911-1936, 3 vols.

D. Norberg, *Manuel pratique de latin médiéval*, Paris, 1968.

P. Stotz, *Handbuch zur lateinischen Sprache des Mittelalters*, Bd.2: *Bedeutungswandel und Wortbildung* -- Bd.3: *Lautlehre* -- Bd.4: *Formenlehre, Syntax und Stilistik*, München, 1996-1998.

**(b) Bibliografía complementaria:**

M. del P. Álvarez Maurín, *Diplomática asturleonesa. Terminología toponímica*. Universidad de León, 1994.

M. C. Díaz y Díaz, “El latín de España en el siglo VII: Lengua y escritura según los textos documentales”, *Le septième siècle. Changements et continuités. Actes du Colloque bilatéral franco-britannique tenu au Warburg Institut les 8-9 juillet 1988*, ed. J. Fontaine-J. N. Hillgarth, London, 1992, p. 25-40.

----- “La transición del latín al romance en perspectiva hispana”, *La transizione dal latino alle lingue romanze. Atti della Tavola Rotonda di Lingüística Storica. Università Ca’ Foscari di Venezia, 14-15 giugno 1996*, a cura di J. Herman, Tübingen, 1998, p. 155-172.

P. Dronke, *Women Writers of the Middle Ages: A Critical Study of Texts from Perpetua (203) to Margeurite Porete (1310)* Cambridge 1984.

J. Gil, “El latín tardío y medieval (siglos VI-XIII)”, R. Cano (coord.), *Historia de la lengua española*, Barcelona, 2004, p. 149-182.

M. Goulet-M. Parisse (eds.), *Les Historiens et le latin médiéval. Colloque tenu à la Sorbonne les 9, 10 et 11 septembre 1999*, Paris, 2001.

M. Lapidge, *Anglo-Latin literature 600-899*, London, 1996.

C. Leonardi, *Medioevo Latino. La cultura dell’Europa cristiana*, Firenze 2004.

F. A. C. Mantello-A. G. Rigg (eds.), *Medieval Latin. An Introduction and Bibliographical Guide*, Washington, 1996.

Ch. Mohrmann, *Études sur le latin des chrétiens*, vol. I-IV, Roma, 1961-1977.

J. L. Moralejo, “Literatura hispano-latina (siglos V-XVI)”, en J. M<sup>a</sup>. Díez Borque (ed.) *Historia de las literaturas hispánicas no castellanasy*, Madrid, 1980, pp. 13-137.

- B. Munk Olsen, *La réception de la littérature classique au Moyen Âge*, Copenhague, 1995.
- R. Wright, *Latín tardío y romance temprano en España y la Francia carolingia*, Madrid, 1989  
(versión orixinal inglesa, Liverpool, 1982).
- X. Varela Sieiro, *Léxico cotián na alta Edad Media de Galicia: o enxoaval*, Sada, A Coruña, 2003.
- X. Varela Sieiro, *Léxico cotián na alta Edad Media de Galicia: a arquitectura civil*, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, 2008.
- I. Velázquez Soriano, *Las pizarras visigodas (Entre el latín y su disgregación. La lengua hablada en Hispania, siglos VI-VIII)*, Real Academia Española, Instituto de la Lengua castellano y leonés, 2004.

**(c) Edicións dos textos propostos para traballo nas clases:**

**San Agustín, *De doctrina christiana***

*Aurelii Agustini opera. Pars IV,1*, Turnhout, 1962 (CC-XXXII)

**Cesáreo de Arles**

*Sancti Caesarii Arelatensis Sermones*, studio et diligentia D. Germani Morin, Turnholti, 1953  
(CC-CIII).

*Césaire d'Arles, Sermons au peuple*, I, éd. M.-J. Delage, Paris, 1971.

**Lupus de Ferrières**

*Correspondance*, éd. L. Levillain, Paris, 1964.

**Epistola de litteris colendis**

*Monumenta Germaniae Historia, Capitularia Regum Francorum I*, p. 79.

P. Riché, *Écoles et enseignement dans le Haut Moyen Age*, Paris, 1979, p. 353.

**Richer de Reims**

*Histoire de France*, éd. R. Latouche, Paris, 1967 (2 vols.)

**Documentos**

J. A. Fernández Flórez - M. Herrero de la Fuente, *Colección diplomática del monasterio de Santa María de Otero de las Dueñas I (854-1108)*, León, 1999.

P. Floriano Llorente, *Colección diplomática del monasterio de San Vicente de Oviedo (años 781-1200), I parte*. Oviedo 1968.

**Biblia e exéxese**

Isidoro de Sevilla, *Sobre la fe católica contra los judíos*, E. Castro Caridad – F. Peña Fernández (eds.), Sevilla, Servicio de Publicaciones, 2012.

**Textos litúrxicos**

*Ordo romanus ad dedicandam ecclesiam*, en C. Vogel – R. Elze (eds.) *Le Pontifical romano-germanique du dixième siècle*, 3 vols., Città del Vaticano 1963-1972, vol 1, pp. 82-89

*Ordo Missae* del Sacramenatio Gregoriano, en C. Deshusses (ed.) *Le sacramentaire grégorien. Ses principales formes d'après les plus anciens manuscrits*, Specilegium Friburgense 16, pp. 85-92

### **Retórica e oratoria**

*Liber sancti Jacobi. Codex Calixtinus*, Herbers, K. – Santos Noia, M (eds.), Santiago de Compostela 1987.

### **Boecio**

*De consolatione philosophiae*, C. Moreschini (ed.), Monachi et Lipsiae, Teubner 2005.

### **Dramas litúrxicos**

*Ludus de passione (CB 16\*)*, en W. Meyers – A. Hilka (eds), *Carmina Burana* (3 vols.), Heidelberg, Carl Winter, 1930-1970.

### **Carmina Burana**

W. Meyers – A. Hilka (eds), *Carmina Burana* (3 vols.), Heidelberg, Carl Winter, 1930-1970.

### **Alano de Lille**

*Anticlaudianus*, R. Bossuat (ed.), Paris, Vrin 1955

## **6. COMPETENCIAS QUE SE DEBEN ACADAR**

Os alumnos deberán acadar a competencia no manexo dos textos latinos medievais, tanto literarios como documentais, particularmente en cada un dos ámbitos seguintes:

- (a) Identificación das características que definen un texto como mediolatino.
- (b) Comprensión dos textos latinos da Idade Media.
- (c) Valoración dos textos desde a perspectiva da súa elaboración e do seu valor literario.
- (d) Contextualización no marco cultural no que se producen.

## **7. METODOLOXÍA E RECURSOS**

O desenvolvemento das clases e da preparación da materia levarase a cabo do xeito seguinte:

- (1) Explicación por parte dos Profesores dos fundamentos lingüísticos e literarios sobre os que se asenta a evolución da cultura escrita en latín na época medieval.
- (2) Lectura e comentario de textos escollidos para ilustrar a evolución da cultura escrita en latín na Idade Media coa participación activa dos estudiantes.

(3) Presentación para debate por parte de cada un dos grupos da lectura prevista no apartado V.C).

**Utilizarse o Campus Virtual da USC** para a presentación de materiais e contidos, e para a realización dalgunhas actividades.

## 8. SISTEMA DE AVALIACIÓN

O 30% da cualificación corresponderá á asistencia e participación activa nas clases presenciais e nas actividades delas derivadas. A asistencia verificarase mediante a sinatura en cada unha das clases e as ausencias deberán xustificarse diante do profesor; no caso de seren máis dunha, poderase esixir a realización dalgúnha lectura compensatoria, da que se dará conta escrita. Para a avaliación da participación activa, tomarase en consideración o nivel de intervencións mediante comentarios ou preguntas, sobre todo nas clases interactivas, así como o atinado das intervencións. A exposición da lectura realizada valorarase neste apartado.

O outro 70% corresponderá á lectura realizada, da que se fará presentación en grupo e da que se entregará unha versión escrita individual, que deberá atender a toda a materia obxecto da exposición do grupo. Este traballo, baixo a dirección dun dos profesores, seguirá as pautas indicadas no apartado final da guía docente e terá como datas límite de entrega o 10 de xaneiro de 2025 para a primeira oportunidade e o 13 de xuño do mesmo ano para a segunda. Para a avaliación do traballo, tomaranse en consideración a súa estruturación, a redacción, a capacidade para complementar os datos da lectura inicial e o nivel de formalización.

No caso do alumnado que teña dispensa de asistencia, segundo o disposto na instrución nº 1/2017 da Secretaría Xeral da USC, o 100 % correspondente a asistencia e participación será complementado cun sistema individualizado de avaliación acorde aos motivos da dispensa.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudiantes e de revisión de cualificacións*.

## 9. OUTRAS INFORMACIÓNS DE UTILIDADE

### ORGANIGRAMA DO DESENVOLVEMENTO DA MATERIA

Segundo o sistema de cómputo establecido, os alumnos dedicarán a esta materia un tempo total de 150 horas, coa distribución que deseguido se indica:

Actividades	Horas presenciais	Horas de Traballo autónomo	Total
Clases expositivas	18	22	40

Clases interactivas	18	50	68
Lectura + debate	6	36	42
Total	42	108	150

### CALENDARIO DE ACTIVIDADES PRESENCIAIS

<b>OUTUBRO 2024 (6 horas)</b>	
Exposición sobre o tránsito do latín antigo ao latín da Idade Media (Dr. Vázquez Buján)	2 horas
Lectura e comentario en grupo de textos sobre instrucción relixiosa: San Agustín, <i>De doctrina christiana</i> e Cesáreo de Arles, <i>Sermones 1 e 86</i> (Dr. Vázquez Buján)	2 horas
Exposición sobre a educación no contexto do renacemento carolinxio e a súa repercusión no latín escrito (Dr. Vázquez Buján)	2 horas

<b>NOVEMBRO 2024 (24 horas)</b>	
Lectura e comentario de textos carolinxios para a educación dos príncipes, dos laicos e dos clérigos: Luper de Ferrières, <i>Epistulae; Epistola de litteris colendis</i> de Carlomagno (?) (Dr. Vázquez Buján)	2 horas
Exposición sobre a escola arredor do ano 1000 e comentario do texto de Richer de Reims, <i>Historiarum libri quatuor</i> (Dr. Vázquez Buján)	2 horas
Lectura e comentario en grupo dalgún documento latino do noroeste peninsular (Dr. Vázquez Buján)	2 horas
Exposición sobre as características xerais da literatura latina medieval. Características do corpus, historia dos estudos e <i>Instrumenta</i> . (Dra. Castro Caridad)	2 horas
Exposición sobre a Biblia e súa exexese; e Lectura e comentario en grupo do tratado <i>De fide</i> , de Isidoro de Sevilla (Dra. Castro Caridad)	2 horas
Presentación e posta en común das lecturas realizadas baixo a titoría do Dr. Vázquez Buján. Cf. apartado C.1	2 horas

Exposición sobre a liturxia; e Lectura e comentario en grupo do <i>Ordo missae</i> (Sacramento gregoriano) e do <i>Ordo romanus ad dedicandam ecclessiam</i> (Sacramento de Angulema) (Dra. Castro Caridad)	2 horas
Exposición sobre os xéneros literarios en verso e en prosa(ss. VI-XV) (Dra. Castro Caridad)	2 horas
Lectura e comentario en grupo dunha selección de textos métricos e rítmicos, e representativos dos distintos xéneros prosísticos (ss. VI-XV) (Dra. Castro Caridad)	2 horas
Exposición sobre Retórica e Oratoria na Idade Media Latina (Dra. Castro Caridad); e Lectura e comentario en grupo dun sermón do <i>Codex Calixtinus</i> (Dra. Castro Caridad)	2 horas
Exposición sobre a periodización da literatura latina medieval 1: periodo tardoantigo (Dr. Anguita Jaén)	2 horas
Exposición sobre a periodización da literatura latina medieval 2: periodo carolinxio (Dr. Anguita Jaén)	2 horas

<b>DECEMBRO 2024 (12 horas)</b>	
Lectura e comentario en grupo de textos literarios latinos dos períodos tardoantigo y carolinxio, con especial detemento en Boecio, <i>Consolatio Philosophiae</i> (Dr. Anguita Jaén)	2 horas
Exposición sobre a periodización da literatura latina medieval 3: feudal, Renacemento do s. XII e época Baixo Medieval (Dr. Anguita Jaén)	2 horas
Exposición sobre a periodización da literatura latina medieval 4: feudal, Renacemento do s. XII e época Baixo Medieval (Dr. Anguita Jaén)	2 horas
Lectura e comentario en grupo de textos literarios latinos do Renacemento do s. XII, con especial detemento en Alano de Lille, <i>Anticlaudianus</i> ; <i>Carmina Burana</i> ; e <i>Ludus de passione</i> (Dr. Anguita Jaén)	2 horas
Presentación e posta en común das lecturas realizadas baixo a titoría dos Drs. Anguita Jaén e Castro Caridad (Dr. Anguita Jaén)	4 horas

## **RELACIÓN DE TRABALLOS PROPOSTOS**

Segundo quedou explicado no apartado 4 (Contidos, teóricos e prácticos), punto C (**Lecturas e exposicións en grupo**), os estudiantes formarán grupos, preferiblemente de 3 persoas, que levarán a cabo a lectura e presentación na clase dalgún capítulo de obras significativas no campo do latín e da literatura latina da Idade Media, **obras que se relacionan no mesmo apartado 4 C**. Este traballo de posta en común, deberá ter unha **versión escrita individual**, para a que se recomenda a consulta de bibliografía complementaria, que variará en función do traballo do que se trate. Por exemplo, no caso dos traballos de léxico, será necesaria a incorporación de datos dos diccionarios más completos para perfeccionar a metodoloxía de análise e configuración da investigación básica e para familiarizarse co manexo dos grandes instrumentos de traballo. Na versión escrita individual do traballo deberá evitarse toda forma de plaxio, especialmente nas partes das que se encargaron outros estudiantes do mesmo grupo para a exposición oral. En calquera caso, queda sometida á decisión do grupo de profesores da asignatura a consideración dos casos particularmente ambiguos.

Relación de posibles temas de traballo:

1. Influxo cristián no latín da Idade Media
2. Variacións locais
3. Léxico da edificación en documentación latina de Galicia
4. Revisión da evolución dun xénero literario
5. Revisión dun motivo literario
6. Tipos de exexese
7. O libro

<b>Recomendacións para a realización do Traballo individual</b>
---

En función do tema da súa elección, e consonte co establecido no apartado 8 (Sistema de avaliación), cada estudiante preparará baixo a tutela dun dos profesores da materia un traballo

escrito que terá como datas límite de entrega o 10 de xaneiro de 2024 para a primeira oportunidade e o 13 de xuño do mesmo ano para a segunda. Este traballo deberá aterse ás seguintes pautas:

- Trátase dun traballo de iniciación á análise e ao manexo de datos léxicos ou literarios, polo que ten que combinar o resumo da información contida na obra de lectura tomada como punto de partida e as observacións persoais derivadas da información complementaria que eventualmente se poida atopar sobre o tema.
- Resulta fundamental a observación atenta dos materiais obxecto de estudio.
- Non se debe abusar das citas bibliográficas extensas; é preferible recoller as ideas principais e remitir ás obras en cuestión para completar a información.
- Extensión máxima: quince folios, en letra de corpo 12, con entrelíñado de 1,5 liñas (agás para as notas a rodapé, que irán en corpo 10).
- Bibliografía: ao final do traballo, seguindo un dos seguintes modelos:
  - a) Apelido, N. (ano), *título*, lugar: editorial. // Apelido, N. (ano), “título”, *revista*, vol., pp. // Apelido, N. (ano), “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, pp.
  - b) Apelido, N., *título*, lugar: editorial, ano // Apelido, N., “título”, *revista*, vol., ano, pp. // Apelido, N., “título”, *título da miscelánea*, lugar: editorial, ano, pp.
- Referencias bibliográficas no texto do traballo ou en notas a rodapé: abreviadas:
  - a) Apelido, ano: pp.;
  - b) Apelido, *tít.abrev.*, pp.
- Coidarase de xeito especial a redacción e a puntuación.
- Non pode faltar un índice ao principio do traballo, nin unha breve introdución que explique os obxectivos que persegue.